



PROCEDIMENTO REVISIÓN EXAMES COAS FAMILIAS

Atendendo ás demandas das familias respecto dos exames de avaliación, tal como se indica nos artigos 29 do Decreto 156/2022 e artigo 27 do Decreto 157/2022, sobre *Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais*

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e do artigo 29 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais **deberán:**

- **Apoiar e participar na evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen**
- **Coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción a través dun boletín individualizado**
- **Colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de **protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais**; no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou o alumno de que se trate.**

Tendo en conta este marco normativo, o procedemento é o seguinte:

1. O proxenitor ou representante legal debe pedir cita ao profesor/a da materia na súa hora de atención ao alumnado e familias.
2. Revisaranse as probas ou exames do alumno/a coa familia na cita que se concrete.
3. De querer unha copia do exame revisado deberá solicitalo na secretaría con rexistro de entrada e alegnado os motivos. Farase unha solicitude por exame revisado.
4. Recordarase que debe respectarse o tratamento de datos persoais e haberá un compromiso por parte da familia para non difundir ditas copias por ningún medio, sexa telemático ou non.